

ACTA

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreira González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a Vanessa Quintela Pedreira

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

En Arzúa, a 5 de maio de 2017.

Sendo as 20:10 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 29 DE MARZO DE 2017.***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º) **CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS NA COTA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS.***

Polo secretario informouse que, tratouse este asunto na sesión celebrada o día 24 de abril de 2017, pola Comisión especial de Contas, Economía e Facenda, en relación con cinco solicitudes de bonificación na cota do referido imposto; e, tras pronunciarse a favor da concesión desas bonificacións, a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) o Sr. García Couso (de CxG-CCTT) e o Sr. García Rodríguez (do PP), a Sra. presidenta de dita comisión someteu o asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por unanimidade dos membros da Comisión especial de Contas, Economía e Facenda (4 de AxA, 2 do PP, 1 de CxG-CCTT e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a concesión de esas cinco solicitudes de bonificación na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras.

(Previamente o secretario dera lectura do contido desas cinco solicitudes de bonificación presentadas).

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar:

- Que previamente quería facer un comentario, sobre a convocatoria desta sesión do Pleno e o sucedido o pasado venres; posto que nesa convocatoria se indica que os que asistiron a esa sesión plenaria son os que decidiron aplazala, e cre lembrar que quen o decidiu foi o equipo de goberno, e os demais concelleiros mostraron a súa conformidade; pola súa parte estaba disposto tanto a celebrala como a que fora aplazada.

E considera que as explicacións dadas polo alcalde non foron suficientes, porque a non asistencia pode estar xustificada, pero lle parece unha falta de respecto ao Pleno do Concello que, no actual mundo das comunicacións, non se comunicase a súa non asistencia.

- Que, con respecto a este punto da Orde do día, mantén a mesma posición que tivo na sesión da Comisión especial de Contas, Economía e Facenda; polo que vai votar a favor.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que tamén vai a votar a favor.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar que tamén votará a favor da concesión das bonificacións solicitadas.

Coñecidos os informes emitidos pola interventora municipal, nos cinco casos con data de 17 de abril de 2017; de cuxos informes dedúcese:

A) Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que *“ás ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración”*.

B) Que dita ordenanza establece no seu **artigo 7, apartado I** (Bonificacións), subapartados **c)** e **d)**, unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, cando se trate:

• De construcións, instalacións e obras promovidas por empresarios, que foran a emprazarse no polígono industrial de Arzúa. (**subapartado c)**)

• De construcciones, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros, para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira. (**subapartado d)**)

E considerando, *de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras*:

1) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

2) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

O Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes (7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG- PSOE e 1 de CxG)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar de especial interese e utilidade municipal as obras que deseguido se indican, por concurrir circunstancias sociais e de fomento de emprego, que xustifican tal declaración:

I) As obras de construción dunha edificación destinada a centro operativo de transporte de madeira, sobre a parcela nº 2 da segunda fase do parque empresarial, para o cal foi concedida licenza municipal a don **Benigno Codesido Barcía**, pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día **1 de setembro de 2016**, sendo aprobada tamén a liquidación polo concepto do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, por un importe de **3.179,15 euros**.

II) As obras de mellora e ampliación dunha explotación de gando caprino e vacún, nunha finca resultante da agrupación das parcelas número 19, 28 e 29 do polígono 507, no lugar de O Sisto da parroquia de Pantiñobre; para o cal foi concedida licenza municipal á sociedade “**Camión Montañés S.C.**”, a través da súa representante dona Jennifer Montañés Gil, pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día **4 de xullo de 2016**, sendo aprobada tamén a liquidación polo concepto do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, por un importe de **3.856,91 euros**.

Se ben, o solicitante agora da bonificación foi don Joel Camino Serra, que di actuar en representación de dita sociedade civil

III) As obras de ampliación dunha explotación de gando vacún de leite, mediante a construción dunha nave destinada a corte e estercoeiro, xunto coa cubrición de dúas fosas de xurro, sobre as paredes números 894 e 947 do polígono 513, na parroquia de Lema; para o cal foi concedida licenza municipal á **Sociedade Agraria de Transformación Carballos Altos**, a través do seu representante don Luis Angel Orois Lage, pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día **30 de setembro de 2016**, sendo aprobada tamén a liquidación polo concepto de imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, por un importe de **3.463,94 euros**.

IV) As obras de construción dun almacén agrícola, sobre a parcela número 393 do polígono 504, no lugar de A Fraga da parroquia de Oins; para o cal foi concedida licenza municipal á sociedade **Blanco Fraga, S.C**, a través do seu representante don José Luis Blanco García, pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día **30 de setembro de 2016**, sendo aprobada tamén a liquidación polo concepto do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, por importe de **2.760,48 euros**.

V) As obras de ampliación dunha explotación de gando vacún de leite, mediante a construción dunha nave e unha fosa de xurro, sobre a parcela de referencia catastral 15006A508010040000DM, no lugar de Goimil da parroquia de San Esteban de

Campo; para o cal foi concedida licenza municipal á sociedade **Gandería M. Goimil, S.C.**, a través do seu representante don Manuel López Aguión, pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día **20 de febreiro de 2017**; sendo aprobada tamén a liquidación polo concepto do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, por importe de **7.523 euros**.

Segundo.- En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas e aprobadas, cando se adoptaron os acordos de concesión das licenzas municipais, para poder realizar as obras indicadas nos apartados **I), II), III), IV) e V)** do acordo anterior.

Terceiro.- Notificar estes acordos aos solicitantes da bonificación, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

Punto 3º) ADAPTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, POR RAZÓN DA SENTENZA RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO 4.013/2009 E POR RAZÓN DUNHA PARTE DA SENTENZA RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO 4.779/2008.

Dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 24 de abril de 2016; no seguinte sentido:

“Polo secretario, a requirimento da presidenta desta Comisión informativa Sra. Varela Duro (de AXA), informouse sobre os antecedentes deste asunto, pasando a indicar que eses antecedentes foron os seguintes:

Primeiro.- Como consecuencia dos recursos contencioso-administrativos interpostos contra a Orde de 6 de outubro de 2008, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, pola que se outorgou a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Arzúa, comunicáronse a este Concello as seguintes sentenzas:

I) Unha, recaída no recurso contencioso administrativo 4013/2009, que interpuxera don Juan Raposo Quintás, que foi ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o día 10 de marzo de 2011, a cal foi declarada firme con data 26 de outubro de 2011, estimando ese recurso, no sentido de “**anular o concreto extremo de dita Orde relativo á altura asignada ao inmovible sito na rúa Ramón Franco, n.º 4 de Arzúa, debéndose modificar a mesma, pasando da anulada asignación de tres alturas á de catro alturas (baixo máis tres), sen facer especial condena de costas.**”

II) Outra, recaída no recurso contencioso-administrativo 4.779/2008, que interpuxeron don Manuel Ramón Conde Valiño e outros, que foi ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o día 15 de maio de 2014, a cal foi declarada firme con data 31 de xullo de 2014, estimando parcialmente ese recurso, no sentido de “**anular**

en parte dita Orde e P.X.O.M, única e exclusivamente nos extremos indicados nos Fundamentos de dereito Noveno, Décimo e Undécimo, desta sentenza, sobre indebido recoñecemento do sexto andar en edificio (da praza de Galicia), e de catro alturas en porción da rúa Calvo Sotelo, e de Núcleo Rural de A Igrexa-Santa María; con desestimación das restantes pretensións; sen facer especial condena en costas”.

Segundo.- Como na elaboración do Plan Xeral interveñen dúas Administracións Públicas: a municipal e a autonómica, que é quen o aproba definitivamente, considerouse convinte concretar cales serían as actuacións que debe levar a cabo o Concello, para dar cumprimento ao fallo contido nesas dúas sentenzas.

Para o cal foron solicitados os informes que deseguido se detallan:

* *Un*, do arquitecto que participou na redacción do citado Plan Xeral, don Isidro López Yañez, que foi emitido o día 15 de decembro de 2016, a través do cal consideraba que para poder cumprir a sentenza 247/2011 (recaída no recurso contencioso-administrativo 4013/2009) e para poder cumprir o previsto nos fundamentos de dereito **noveno** (referido á sexta altura do edificio da rúa de Lugo, esquina á Praza de Galicia) e **décimo** (referido á inadecuación de alturas na rúa Calvo Sotelo -agora Juan Vidal- e outras) da sentenza 483/2014 (recaída no recurso contencioso-administrativo 4.779/2008) procedía modificar os planos CU-N, CU-S, CU-6, XU-N, XU-S e XU-6, os cales aportaba xa correxidos a dito informe.

Engadindo nese informe:

a) *Que a modificación das alturas neses planos supón un decremento da edificabilidade global prevista no Plan Xeral, de 773 metros cadrados, o cal, por resultar diminuír a capacidade residencial, non ten repercusión sobre los estándares de zonas verdes, equipamentos e demais dotacións previstos no Plan Xeral; polo que non sería obxecto de modificación puntual.*

b) *Que para a redelimitación do núcleo da Igrexa de Santa María de Arzúa, (recollido no fundamento **undécimo** da sentenza 483/2014) habería que tramitar unha modificación puntual do Plan.*

* *Outro*, do secretario do Concello, que foi emitido con data 21 de decembro de 2016, a través do cal se consideraba que para levar a cabo o cumprimento tanto da primeira sentenza (recaída no recurso contencioso-administrativo 4013/2009), como dunha parte da segunda sentenza (recaída no recurso contencioso-administrativo 4.779/2008) que se refire aos fundamentos de dereito **noveno** e **décimo**, habería que incorporar á documentación do Plan Xeral: o contido íntegro da primeira sentenza e o contido da segunda en canto se refire ao indebido recoñecemento da sexta altura do edificio sito na rúa de Lugo, esquina coa praza de Galicia, e á inadecuación de alturas na mazá delimitada polas rúas Nova, Ramón Franco, Fraga do Rei e Calvo Sotelo.

*Polo que procedería incluír, entre as determinacións do Plan Xeral, as que derivan do ordenado por ambas sentenzas neses puntos concretos; posto que para dar cumprimento da parte referida no fundamento de dereito **undécimo** (que sería a delimitación do núcleo rural de A Igrexa na parroquia de Santa María) debería tramitarse a correspondente modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal.*

* *Outro*, emitido pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e

Urbanismo, con data 12 de abril de 2017, como consecuencia da solicitude que lle foi formulada polo alcalde, mediante un escrito rexistrado de saída o día 18 de xaneiro de 2017 (con número 80) que foi recibido no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o día 23 do mesmo mes (co número 164613); de cuxo informe se deduce:

A) Que en canto á sentenza 247/2011 (recaída no P.O. 4013/2009), esta sentenza xa especifica claramente no seu fallo as condicións a aplicar á nova situación, despois da anulación do extremo do plan referido á altura asignada ao inmovible sito na rúa Ramón Franco n.º 4; por canto que, no fallo que contén dita sentenza, se indica que se debe modificar esa altura, pasando da anulada asignación de tres alturas á de catro alturas (baixo mais tres); polo que non é necesario un novo acto xurídico que supoña innovación xurídica, senón que o acto que procede adoptar será o necesario para que a documentación do plan se adecue ao fallo da sentenza.

B) Que, en relación coa sentenza 483/2014 (recaída no P.O. 4779/2008), procede informar:

a) Que polo que atañe á anulación do sexto andar do edificio (fundamento de dereito **noveno**), bastará que o Concello:

- Dicte un acto en execución da sentenza, no que se limite a recoller o declarado formalmente por dita sentenza, xa que ese acto non suporá ningunha innovación xurídica con respecto ao sinalado no fallo da sentenza, e

- Faga os cambios necesarios na documentación gráfica e na normativa, no seu caso, do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

b) Que polo que se refire á anulación do recoñecemento de catro alturas (baixo mais tres) nunha porción da rúa Calvo Sotelo (fundamento de dereito **décimo**) e á delimitación do núcleo rural de A Igrexa na parroquia de Santa María (fundamento de dereito **undécimo**), debe levarse a cabo por medio dunha modificación puntual do Plan Xeral, por canto que nestes dous casos a execución da sentenza require novos actos xurídicos para levar a cabo esa execución, e eses actos xurídicos si supoñen innovación no mundo xurídico, xa que a sentenza non sinala -a pesar de anular o anterior- o réxime xurídico que debe aplicarse.

Tras a anterior información facilitada polo secretario, realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que a adaptación a que se refiren esas dúas sentenzas é necesaria facela, e xa pasou moito tempo desde que foron notificadas esas sentenzas; pero neste momento vaise a abster, porque non puido estudar toda a documentación relacionada con este asunto.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para preguntar ao secretario:

- ¿Se é necesario que vaia ao Pleno a adaptación de alturas a que se refiren as dúas sentenzas?

Manifesta o secretario que entende que si, porque é necesario aprobar os planos que son obxecto desa adaptación de alturas e non se trata dun dos supostos que sexan da competencia do alcalde.

- ¿Se a maioría dos integrantes do Pleno votara en contra, tería a capacidade de modificar a sentenza? Porque votar algo que non se pode modificar non lle ve sentido, sería mellor entón dar coñecemento ao Pleno.

Manifesta o secretario que na parte final do informe da Directora Xeral de

Ordenación do Territorio e Urbanismo, dise que será necesario a aprobación por parte do Concello da documentación que introduza as modificacións derivadas do cumprimento e execución da sentenza, así como a remisión para a aprobación definitiva por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; e esa documentación -en canto se refire á documentación gráfica- está aquí presente a través dos plans adaptados a esas sentenzas que elaborou o arquitecto pertencente ao equipo redactor do Plan Xeral, porque non cre que as adaptacións de alturas que se van a levar ao Pleno (a do inmovible n.º 4 da rúa Ramón Franco e a do edificio da praza de Galicia) afecten á normativa do Plan; non obstante sería convinte que o referido arquitecto tamén o manifestase por escrito, con anterioridade á celebración da sesión plenaria, se a adaptación de alturas afecta á normativa do PXOM.

Tras todo o exposto, a excepción do Sr. García Couso que se abstivo, os restantes integrantes da Comisión informativa pronunciáronse en tratar deste asunto na vindeira sesión do Pleno, se se presentaba antes o informe do arquitecto redactor do Plan Xeral sobre a non afectación á normativa de dito Plan das dúas adaptacións de alturas que se incluírán na Orde do día desa sesión plenaria.”

Unha vez lido o anterior ditame da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar:

- Que, a diferenza da primeira vez que se trouxo a unha sesión do Pleno este asunto, nesta ocasión retirouse a modificación de alturas da rúa Juan Vidal (antes Calvo Sotelo), porque a sentenza establecía unha rebaixa de alturas que xa o propio Plan contempla, polo tanto era un erro, que naquel momento parece que o Concello quería modificalo trasladándoo a outra rúa, e neste caso queda pendente de regular, do cal se aleda de que houbera esa corrección.

- Que, por outra parte, mantense na posición de que aprobar o que pon a sentenza correspóndelle ao goberno municipal, que ten competencias delegadas de urbanismo e polo tanto non ao Pleno, porque aínda que se fale de aprobación non se di porque órgano. Noutros casos o informe da Xunta di que dite o goberno do Concello, e el entende que é o goberno municipal.

E por esta consideración el non vai a participar na votación deste punto.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que considera que é necesario realizar esas dúas adaptacións de alturas indicadas nas dúas sentenzas, porque non se trata dunha modificación; polo tanto vai a votar a favor.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que se o di unha sentenza non ten nada que obxectar o que dixo un xuíz.

Unha vez rematadas as tres intervencións indicadas, o secretario solicitou ao alcalde poder intervir, para aclarar ao Sr. García Couso porqué este asunto sería competencia do Pleno.

E, tras ser autorizado a intervir, o secretario respondeu:

I) Que xa na sesión da Comisión informativa do día 24 de abril, ao ser preguntado polo Sr. García Couso sobre esta mesma cuestión, informoulle: que, na parte final do informe que emitiu a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, dise que -aínda nos supostos de execución de sentenzas que non precisen de modificación puntual do Plan Xeral, por ser o fallo da sentenza claro e preciso no réxime a aplicar- será necesario:

a) A aprobación por parte do Concello da documentación que introduciu as modificacións no Plan Xeral, e

b) A remisión dese acordo á Consellería, para a súa aprobación definitiva.

Logo, se temos en conta:

1.- Que, nos puntos concretos que se indican en ambas sentenzas, o Plan Xeral de Ordenación Municipal vai a resultar modificado, e

2.- Que o Plan Xeral aprobábase definitivamente pola Consellería, previo o acordo de aprobación polo Pleno do Concello.

Cabe entender que, neste caso, tamén será o Pleno quen tería que adoptar ese acordo previo.

II) Que os casos de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, resultantes do cumprimento e execución de sentenzas, non están incluídos -segundo a lei- entre as atribucións do alcalde en materia de urbanismo.

III) Que como este mesmo asunto se incluíu na Orde do día, da sesión que celebrou o Pleno do Concello o día 30 de decembro de 2016, puidose formular entón esa cuestión da suposta falta de competencia do Pleno neste asunto, e non se fixo, acordándose porén que este asunto quedase sobre a mesa, para ser resolto nunha vindeira sesión do Pleno; sen que o Sr. García Couso se opuxera entón a ese acordo.

Remata o debate o Sr. alcalde, para indicar que non ten nada que engadir ao que xa esta indicado na acta da Comisión informativa do día 24 de abril e ao que informou agora o secretario.

E que como non hai nada obscuro en traer este asunto á sesión plenaria do día de hoxe; vai a someter este asunto a votación ordinaria, fixando previamente os termos desa votación, os cales foron lidos polo secretario.

Coñecido tamén o informe que emitiu, con data 26 de abril de 2017, o arquitecto don Isidro López Yañez, pertencente ao equipo redactor do Plan Xeral ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A; cuxo informe fora emitido a requirimento do Sr. alcalde, como consecuencia do acordo adoptado pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 24 de abril.

Adoptouse -por oito votos a favor (7 de AxA, 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos catro concelleiros do Partido Popular- os acordos que deseguido se indican.

(E iso foi así, por canto que o Sr. García Couso -de CxG-CCTT- non quixo participar na votación polo motivo que expuxo durante a súa intervención).

Primeiro.- Adaptar o Plan Xeral de Ordenación Municipal ao fallo que contén a sentenza 247/2011, recaída no recurso contencioso-administrativo P.O. 4013/2009, e ao fallo contido na sentenza 483/2014, recaída no recurso contencioso-administrativo P.O. 4.779/2008, en canto ao previsto no fundamento de dereito **noveno**; e, en consecuencia aprobar a documentación que introduce as adaptacións que quedaron indicadas, que se concretan na documentación gráfica contida nos planos CU-S, CU-6, XU-S e XU-6; os cales foron elaborados polo mesmo arquitecto que participou na elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal, don Isidro López Yañez.

Segundo.- Concretar que as adaptacións introducidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal, agora aprobadas, non teñen incidencia algunha sobre a normativa de dito plan, por canto que así se deduce do informe emitido polo citado arquitecto, tal como se solicitara na sesión da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, celebrada o día 24 de abril de 2017; en cuxo informe:

a) Se indica tamén que a cumprimentación deses puntos destas dúas sentenzas non terá efectos sobre o medio ambiente, e

b) Se concreta que os planos obxecto de modificación son os catro indicados, deixando a marxe as nomeadas CU-N e XU-N (*a que facia referencia no seu informe de 15 de decembro de 2016*), por canto que se refiren ao fundamento **décimo** da sentenza 483/2014 (recaída no recurso contencioso-administrativo 4779/2008) que segundo o informe da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, debería resolverse a través dunha modificación puntual do Plan Xeral.

Terceiro.- Remitir este acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, para que proceda a adoptar o acordo de aprobación definitiva das adaptacións do Plan Xeral indicadas, derivadas do cumprimento e execución da sentenza 247/2011 e da parte da sentenza 483/2014, que se refire ao seu fundamento de dereito **noveno**.

E aos efectos da posterior publicación que procede realizar nos termos establecidos no artigo 82 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Cuarto.- Dar traslado dunha certificación deste acordo ás persoas que interpuxeron os correspondentes recursos contencioso-administrativos, que deron lugar ás sentenzas indicadas.

Quinto.- Facultar ao Sr. alcalde para que adopte as resolucións que procedan, en orde á mellor execución deste acordo.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTION MUNICIPAL

Punto 1º DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE INTERVENCIÓN (REFERIDO AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2017), ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE

ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo alcalde indícase que ese informe refírese ao **primeiro trimestre** do pasado exercicio económico, que foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoueiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe, sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurrirán máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitarán os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e tesoureiro emitiron un informe con data 19 de abril de 2017, tomando como base os datos obtidos do programa de contabilidade SICALWIN; de cuxo informe se deduce que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xaneiro e 31 de marzo de 2017, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no primeiro trimestre de 2017:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	947	63
Importe total	535.146,10 euros	152.929,82 euros
Período medio de pago	44,23 días	

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	693	0
Importe total	269.856,46 €	62 €

Período medio de pendiente de pago

23,22 días

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada pola interventora e polo tesoureiro, a través do informe indicado.

Segundo.- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

*Punto 2º) **ROGOS E PREGUNTAS***

I) Polo concelleiro de CxG-CCTT, Sr. García Couso, formuláronse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde:

PRIMEIRA.- ¿Demandou o alcalde a revisión do Catastro que se esta facendo?

Responde o Sr. alcalde:

- Que non foi unha demanda súa.
- Que o Sr. García Couso sabe perfectamente de onde veñen as revisións do Catastro que se fan en todos os Concellos, por parte do goberno central.
- Que houbo unha comunicación informando de que este ano tocáballe ao Concello de Arzúa.

SEGUNDA.- ¿Iniciuse ou se preve iniciar a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, nos dous casos que recolle a sentenza, (*detallados ao resolver sobre o punto 3º) de Orde de día desta sesión*), e en concreto:

- Un, na mazá das rúas Juan Vidal, Ramón Franco, Fraga do Rei e rúa Nova, porque non se pode realizar ningunha obra nas casas afectadas, por estar anulada a ordenación.

Outro, no núcleo rural da Igrexa da parroquia de Santa María, que non quedou definido como solo de especial protección, nin como solo de núcleo rural?

Responde o Sr. alcalde:

- Que a pregunta sobre o Plan Xeral, é un tema recorrente; e o día que houbo o debate a través da Radio Municipal dixo o que se estaba facendo, que estaban en estudio eses dous temas.

- Que tamén dixo que o tema da rúa Calexa esta bastante avanzado, e que pronto lles chegará unha carta aos veciños que viven nesa zona, para que manifesten a súas demandas.

- Que tamén estamos mirando se sería factible incorporar, nesta primeira fase de revisión, o problema de que no Plan Xeral hai demasiado solo cualificado como agropecuario, e sería bo estudialo para que quedara algo mais para poder realizar plantacións. E estamos valorando se incluír este tema nesta fase ou deixalo para a seguinte.

- Que como xa manifestou na Radio considera que pode ser mellor ir tomando as decisións a pequena escala, e facelas ben, e non tomar decisións a gran escala e volvelas a facer mal.

TERCEIRA.- ¿Considera o Sr. alcalde que a revisión anterior que el votou se fixo mal?

Responde o Sr. alcalde:

- Que tería que dicir como se facían antes as cousas, e iso sabe que non lle vai gustar ao Sr. García Couso.

- Que está claro que hai cosas que están mal, porque -por exemplo- hai camiños públicos que quedaron como privados e camiños privados que quedaron como públicos; e isto esta para velo.

- Que os Plans Xerais son documentos flexibles, que ao longo do tempo hai que ir modificando e adaptando ás circunstancias actuais.

CUARTA.- ¿Iniciuse ou prevese iniciar a tramitación do PECA, que é o Plan Especial do Casto antigo de Arzúa, que quedou fora da ordenación do Plan Xeral?

Responde o Sr. Alcalde que non se iniciou nin está previsto que se inicie por agora, porque este equipo de goberno tampouco vai a arranxar todo o que quedou pendente, irá por partes.

II) Pola concelleira Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) formularonse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. Alcalde

PRIMEIRA.- O día 20 de abril debatiuse no Parlamento de Galicia unha petición do Partido Socialista, sobre o tema da ampliación da Gardería infantil, e, desde o goberno do Partido Popular, o xerente dixo que estaba dentro das actuacións que se levarán a cabo nesta lexislatura e que estaban valorando o anteproxecto enviado por este Concello, incluso a disposición e colaboración económica por parte do Concello; e en relación con esta cuestión pregunta ¿Sendo este un tema tan relevante sábese algo del; ou se desde o Concello houbo algún contacto nos últimos meses?

Responde o Sr. alcalde:

- Que é certo que nunha das últimas visitas que fixo levouse o anteproxecto que xa había aquí, para a ampliación da Gardería, e xa tiveron tempo para poder estudialo.

- Que hai quince días, ou mais, que pediu de novo unha reunión co xerente pero

non tivo contestación.

SEGUNDA.- ¿En que situación se atopa o proxecto de traida de augas de Castañeda?

Responde o alcalde:

- Que esta semana viñeron a facer un levantamento topográfico, para mirar o tema das alturas, e tamén houbo unha reunión cos propietarios da finca onde se pretende instalar, para ter unha contestación definitiva, e se ceden o cacho de terreo que fai falta para a súa instalación no habería problema.

- Que, unha vez que se fixo o levantamento topográfico, agora hai que empezar coa redacción do proxecto.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dase por rematado o acto; levantándose a sesión as 21.50 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.

